

A PAIXÓN DE JEANNE D'ARC

[Carl-Theodor Dreyer, 1928]

401

PASES EN NUMAX: 27 de xuño, 2 e 12 de xullo de 2018 | V.O.S.E.

La passion de Jeanne d'Arc (1928, 110')

Dirección: Carl Theodor Dreyer

Guión: Carl Theodor Dreyer, Joseph Delteil

Elenco: Maria Falconetti, Eugene Silvain, Maurice Schutz, Michel Simon, Antonin Artaud, André Berley

Montaxe: Marguerite Beaugé, Carl Theodor Dreyer

Dirección de arte: Jean Hugo, Hermann Warm

Vestuario: Valentine Hugo

Fotografía: Rudolph Maté, Goestula Kottula

Produtoras: Societé generale de films (Francia)

Distribuidora: Institut Français

Formato de proxección: DCP2K, 1.33:1

Idioma orixinal: Francés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Gertrud, 1964

Ordet (La palabra), 1954

Dos personas, 1945

Dies Irae, 1943

Vampyr; la bruja vampiro, 1932

El amo de la casa, 1925

Las páginas del libro de Satán, 1921

PREMIOS E FESTIVAIS

9º mellor filme da historia na lista de 2012 de Sight & Sound, National Board of Review 1929 (Premio NBR)

SINOPSE

Guerra dos Cen Anos, séculos XIV e XV. En 1431, a moza Xoana de Arco, despois de ter conducido as tropas francesas á vitoria, é arrestada e acusada de bruxería. Ela declara ter recibido de Deus a misión de salvar Francia, pero é procesada e condeada a morrer na fogueira.

«O máis fermoso filme do mundo»

Chris Marker, INSTITUT LUMIÈRE



A PAIXÓN DE JEANNE D'ARC

[Carl-Theodor Dreyer, 1928]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“A crenza dunha muller”

Por Jaime N. Christley

Xoana de Arco foi canonizada polo Papa Benedicto XV en 1920, co que a súa entrada na santidade era unha nova bastante fresca cando Carl Theodor Dreyer emprendeu a produción da que se convertería na representación cinematográfica definitiva do seu xuízo e execución e, o que é máis, a súa piedade. Dreyer era xa un dos maiores autores do cinema mundial cando emprendeu a realización de *A paixón de Jeanne d'Arc*, pero tras a estrea do filme, converteuse en algo máis, algo máis grande.

Ten habido grandes filmes sobre Jeanne d'Arc, algúns deles perdidos. Un dos primeiros foi asinado por Georges Méliès, pioneiro do cinema de trucaxes, fantasías e efectos especiais, que en 1900 realiza *Joan of Arc* pintando fotogramas a man cun orzamento reducido. Ingrid Bergman interpretou dúas veces a Jeanne, primeiro para a RKO baixo a dirección de Victor Fleming (*Joan of Arc*, 1948) e seis anos despois co que era o seu marido, o gran Roberto Rossellini (*Giovanna d'Arco al rogo*, 1954). Outras versións salientábeis son a de Otto Preminger en 1957, con Jean Seberg facendo de Jeanne e, xa en Francia, da man de dous mestres da talla de Robert Bresson (*Procès de Jeanne d'Arc*, 1962) e Jacques Rivette (*Jeanne la Pucelle*, 1994).

Volvendo á obra de Dreyer, boa parte da reputación desta maxestosa obra

mestra repousa na súa inédita pureza e placidez, á que só se achega *Ordet* (*La palabra*) (Carl-Theodor Dreyer, 1955). Cómpre ter en conta o filme non só pola maxestosidade dos seus primeiros planos, a verdade íntima das imaxes, ou a luz coa que Rudolph Maté rexistra á Falconetti. *A paixón de Jeanne d'Arc* é tamén un filme de guerra nas tebras da Primeira Guerra Mundial

Con case todas as cámaras montadas sobre raís, panorámicas desordeadas que se deslizan como follas de guillotina e unha montaxe acelerada, o arsenal visual de Dreyer lévanos a unha abstracción ligada ás obras vangardistas de Fernand Léger, o *Ménilmontat* (1926) de Kirsanoff ou as primeiras obras mestras de Jean Epstein e Sergei Eisenstein. *A paixón de Jeanne d'Arc* é, finalmente, unha treboada que pon a proba a devoción da martir. A súa fidelidade aos manuscritos orixinais do xuízo dános a idea dun cinema milagroso, espido antes de chegar ao público, ao que teremos a tentación de nos render por completo, como fixo Nana (Anna Karina) ao ver o filme de Dreyer en *Vivir su vida* (Jean-Luc Godard, 1962).

O seu xuízo e execución diríxenos sen desvíos á violenta insurxencia na praza pública, que rima coa conflagración que destrúe o corpo de Jeanne e a conduce á graza. Apenas as lapas acadan o seu punto álxido as armas diríxense a reprimir os alborotadores. Non se trata dun filme esperanzador nin desesperanzado, pero un sentimento tan colosal non pode ser consumido polo lume. A crenza dunha muller.

Publicado en villagevoice.com

A construción radical do espazo

Por Jonathan Rosenbaum

O derradeiro filme silente de Carl Theodor Dreyer é o máis grande de todos os filmes realizados sobre Xoana de Arco. Perdido durante medio século, o negativo orixinal de 1928 foi redescuberto nun asilo mental noruegués nos anos oitenta (outras copias perdéronse no incendio dun almacén, e as copias que circulaban tiñan escenas cortadas). Xoana está intepretada pola actriz Renée Falconetti, e aínda que a súa actuación forma parte da historia do cinema, endexamais fixo outro filme. Antonin Artaud tamén aparece nun memorábel cameo. A aposta radical de Dreyer na construción do espazo e a vagarosa intensidade do seu movemento fíxoas difíciles para o público no sentido de que, ao igual que outros grandes filmes da historia do cinema, reiventa a linguaxe. Como todas as traxedias de Dreyer, é dolorosa, mais segue a vivir connosco tempo despois do seu visionado, namentres centenaes de filmes comerciais teñen desaparecido da nosa memoria.

Publicado en chicagoreader.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Reflexiones sobre mi oficio,
Carl-Theodor Dreyer. Paidós, 1999

El estilo trascendental en el cine: Ozu, Bresson y Dreyer, Paul Schrader. Ediciones JC, 2009

Buñuel, Dreyer, Welles, André Bazin, Jacques Doinel-Valcroze, Miguel Delhaye.
Fundamentos, 1999

Hammershoi i Dreyer. CCCB, 2015

Cofre Dreyer. Potemkine (BluRay)

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate e ven sempre por **4,5€**

Faite NUMAX!